

**ESCALA AXENTES TÉCNICOS FACULTATIVOS, ESPECIALIDADE DE EDUCACIÓN INFANTIL . DOG núm. 61, do 28 de marzo de 2006 (Grupo III - categoría 050 (técnico especialista en jardín de infancia))**

**PARTE COMÚN**

1. A Constitución española de 1978: título preliminar, título I artigo 10, 14, 23, capítulo IV e capítulo V e título VIII.
2. O Estatuto de autonomía de Galicia: título I, título II e título III da Lei orgánica 1/1981, do 6 de abril, do Estatuto de autonomía para Galicia.
3. Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas: título III, título IV capítulo I e capítulo IV e o título V.
4. Lei 2/2015, do 29 de abril, do emprego público de Galicia: título III, título VI capítulos III e IV e título VIII.
5. Lei orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais: título I, título II, título III e título VIII.
6. Decreto lexislativo 2/2015, do 12 de febreiro, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais da Comunidade Autónoma de Galicia en materia de igualdade: título preliminar e título I.
7. Lei orgánica 1/2004, do 28 de decembro, de medidas de protección integral contra a violencia de xénero: título I.

**PARTE ESPECÍFICA**

Tema 1. Papel, funcións e tarefas do educador e da educadora infantil. Principios e normas morais que regulan a actividade profesional do educador e da educadora infantil.

Tema 2. A organización do espazo, os materiais e o tempo como recursos didácticos. Características espaciais da escola infantil. Os materiais na práctica educativa. A distribución do tempo.

Tema 3. O ingreso do neno e a nena no centro infantil. O período de adaptación. O papel do adulto no proceso de adaptación á escola infantil. A colaboración dos pais e das nais neste proceso.

Tema 4. O currículo da educación infantil. A estrutura curricular da educación infantil. O proxecto educativo de centro. O proxecto curricular de etapa. A programación de actividades. Elementos da programación. A presenza dos temas transversais no currículo.

Tema 5. A Lei de normalización lingüística de Galicia: a normalización nos primeiros anos da escolaridade. A aplicación do modelo na educación infantil.

Tema 6. A Lei galega para a igualdade de homes e mulleres e a Lei de medidas de protección integral contra a violencia de xénero: implicacións no currículo da educación infantil. Principios de intervención que impregnan a práctica cotiá nesta etapa.

Tema 7. O maltrato infantil. Definición de malos tratos á infancia. Indicadores de maltrato infantil. Detección e notificación desde o ámbito escolar. O protocolo de actuación en abusos sexuais a menores.

Tema 8. A regulación dos centros de atención á infancia no Decreto 329/2005, do 28 de xullo, polo que se regulan os centros de menores e os centros de atención á infancia, na Comunidade Autónoma de Galicia.

Tema 9. A educación infantil dos nenos e nenas con necesidades educativas especiais. A importancia da intervención temperá. A integración na educación infantil. As adaptacións curriculares.

Tema 10. O crecemento e desenvolvemento físico do neno e a nena de 0 a 3 anos. O desenvolvemento cognitivo e lingüístico. O desenvolvemento emocional e social. O desenvolvemento da identidade sexual e dos roles de xénero. Alteracións máis frecuentes do desenvolvemento.

Tema 11. Alimentación e nutrición. Necesidades nutricionais desde o nacemento ata os tres anos. A transición na alimentación. Trastornos e dificultades na alimentación. O desenvolvemento de hábitos para unha alimentación equilibrada.

Tema 12. A organización da vida cotiá na escola infantil. A adquisición de hábitos de autonomía persoal. O control de esfínteres. A adquisición de hábitos de hixiene e limpeza nos nenos e nenas de 0a3 anos. O descanso: necesidades e ritmos de sono.

Tema 13. As enfermidades máis frecuentes na primeira infancia. Enfermidades transmisibles. Os accidentes infantís. O papel do educador e a educadora na prevención dos accidentes infantís. Os primeiros auxilios.

Tema 14. A importancia do xogo no desenvolvemento infantil. Tipos de xogos. O xogo como recurso didático. A intervención do educador e a educadora no xogo infantil.

Tema 15. A participación dos pais e das nais na escola infantil. A interacción coas familias. As entrevistas cos pais e coas nais. As reunións xerais e grupais. A acción tutorial.